

INSTRUCCIÓN 3/2003, DO PLENO DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, DO 9 DE ABRIL DE 2003, SOBRE AS NORMAS DE REPARTO E O REXISTRO INFORMÁTICO DE VIOLENCIA DOMÉSTICA.¹

Coa finalidade de axilizar a tramitación dos procesos penais, o Parlamento aprobou a Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal, sobre o procedemento para o axuízamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas e da modificación do procedemento abreviado. O apartado 4 da súa disposición adicional primeira dispón que “no prazo de seis meses, o Consello Xeral do Poder Xudicial ditará os regulamentos que para a ordenación dos sinalamentos de xuízos e o desenvolvemento dos servizos de garda establecen os artigos 769.2, 800.3, 962.4 e 965.2 da Lei de axuízamento criminal”.

Desenvolvendo a anterior previsión e polo acordo de data 26 de febreiro de 2003, o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial modificou o Regulamento 5/1995, do 7 de xuño, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais no relativo aos servizos de garda. O artigo 47.6 do mencionado regulamento dispón que “as salas de goberno e as xuntas de xuíces no exercicio das súas normais atribucións e, con suxeición aos termos do presente regulamento, poderán aprobar as normas complementarias que en materia de distribución de asuntos, réxime interno, cadro de substitucións ou outras materias da súa competencia estimen procedentes”. Así mesmo, a disposición adicional primeira do citado acordo dispón que “as xuntas de xuíces e as salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza adaptarán as normas de reparto ao disposto no presente regulamento, co fin de que o seu contido permita a tramitación dos xuízos rápidos e o axuízamento inmediato das faltas no xulgado de garda”.

A presente Instrución contén unha serie de criterios destinados a facilitar a aplicación dos xuízos rápidos por delito e o axuízamento inmediato das faltas previstos pola Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal e que serven de complemento á regulación dos servizos de garda contida no regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 5/1995, do 7 de xuño. Os ditos criterios deben ser contemplados polas xuntas de xuíces e e as salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza ao cumprir a súa obriga de adaptar as normas de reparto ao disposto na mencionada lei e nas disposicións regulamentarias reguladoras dos servizos de garda.

Por outra parte, esta Instrución tamén se refire a aqueles supostos en que non sexa posible a tramitación do procedemento de xuízo rápido por delito, especialmente nos supostos de violencia física ou psíquica habitual do artigo 153 do Código Penal. Nestes casos, é conveniente que se concentre no mesmo xulgado a competencia para coñecer dos procesos por infraccións penais cometidas polo mesmo suxeito contra os integrantes do mesmo núcleo familiar, no mesmo sentido en que se pronunciaba o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre violencia doméstica, aprobado polo Pleno do 21 de marzo de 2001. A guía práctica de actuación contra a violencia doméstica, que forma parte integrante do mencionado informe, afirma que “en defecto dun xulgado especializado, ha de procurarse a aprobación de normas de reparto que asignen a competencia para coñecer do caso ao xulgado que primeiro coñeceu de agresións anteriores cometidas polo mesmo suxeito sobre os integrantes do mesmo núcleo familiar, independentemente do estado procesual en que se encontren”.

¹ Publicada no “Boletín Oficial do Estado” número 90, correspondente ao día 15 de abril de 2003.

O contido da presente Instrución tivo moi en conta o resultado dos traballos do Observatorio de Violencia Doméstica, constituído mediante un convenio asinado o día 26 de setembro de 2002 polo Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, que na súa primeira reunión adoptou o acordo de crear un grupo de expertos asesores na materia.

O Observatorio recolleu os acordos das distintas xuntas de xuíces relativos a normas de reparto de asuntos sobre violencia doméstica, constatándose que soamente nalgunhas poboacións se adoptaron normas específicas que sigan os criterios establecidos pola Guía práctica de actuación contra a violencia doméstica. E constátase así mesmo que, alí onde existen, o seu contido resulta frecuentemente insuficiente para dar resposta a unha realidade tan complexa. Dentro deste panorama tan heteroxéneo, resulta necesaria unha Instrución do Consello Xeral do Poder Xudicial que posibilite, como afirma o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre violencia doméstica aprobado polo Pleno do 21 de marzo de 2001, “a aprobación de normas de reparto que resulten eficaces para combater este fenómeno delituoso”.

Por último, nesta Instrución contéñense unha serie de disposicións necesarias para a optimización do proceso penal por feitos de violencia doméstica, tanto en relación co rexistro do procedemento mediante a correspondente aplicación informática no momento da súa incoación como relativas ao establecemento dun rexistro informatizado de violencia doméstica en cada decanato. Estas medidas non soamente serán útiles con fins de explotación estatística, senón que tamén permitirán que os órganos xudiciais coñezan de forma áxil e inmediata a existencia doutros procesos penais contra o mesmo agresor e facilitarán desta forma a acreditación da frecuente violencia e a rápida adopción de medidas de protección da vítima por parte do xulgado de garda. Isto sen prexuízo da futura creación, por disposición xeral, no ámbito nacional dun rexistro de medidas en materia de violencia doméstica, co alcance e as funcións propias que se lle asignen na norma de creación.

Na súa virtude, o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, tendo en conta o disposto nos artigos 104.2 e 12.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, na súa reunión do día 9 de abril de 2003, acordou aprobar a presente Instrución:

Primeiro.- Prazo para a adaptación das normas de reparto.

Coa finalidade de dar unha resposta eficaz ás infraccións penais de violencia doméstica, así como para facilitar a tramitación dos xuízos rápidos por delito e o axuizamento das faltas no xulgado de garda, as xuntas de xuíces e as salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza deberán adaptar as normas de reparto ao disposto na presente Instrución antes do día 28 de abril de 2003.

No prazo dun mes desde a entrada en vigor da lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuizamento criminal, as salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza informarán o Consello Xeral do Poder Xudicial sobre a aplicación da presente disposición.

Segundo.- Rexistro de asuntos.

No momento da incoación de calquera proceso penal por un delito ou falta cometido contra alguna das persoas a que se refire o artigo 153 do Código Penal, o rexistro do procedemento deberá realizarse utilizando a aplicación informática de xestión procesual correspondente e de conformidade co disposto pola Comisión de informática xudicial do Consello Xeral do Poder Xudicial, que deberá unificar os criterios de rexistro nesta materia no prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente Instrución.

Terceiro.- Criterios sobre o reparto de asuntos.

As normas de reparto deberán atribuír o coñecemento dos procesos por delito contra algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do Código Penal, con sometemento aos seguintes criterios:

1. De acordo co disposto na Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal, sobre o procedemento para o axuízamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas e da modificación do procedemento abreviado, o xulgado de garda será o competente para a tramitación dos procedementos do título III do libro IV da Lei de axuízamento criminal e para a realización dos xuízos de faltas dos artigos 962.1, 964.2 e 965.1, 2ª da mesma lei.

Naqueles casos en que non sexa posible a aplicación do anterior criterio, o xulgado de instrución que, por feitos punibles dirixidos contra algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do Código Penal, incoara un sumario ordinario por delito, un xuízo de faltas ou ben dilixencias previas de procedemento abreviado ao abeiro do artigo 774 da Lei de axuízamento criminal ou do artigo 798.2, 1º da mesma lei, coñecerá tamén do resto de procesos penais por delito ou por falta que se incoen posteriormente por feitos imputables ao mesmo autor contra os integrantes do mesmo núcleo familiar e isto aínda que naquel primeiro proceso se ditase un auto de arquivo, de sobresemento, de apertura de xuízo oral ou que recaese unha sentenza condenatoria ou absolutoria.

Para os anteriores efectos, o xulgado de instrución que dite o auto de incoación de dilixencias previas, de xuízo de faltas ou de sumario ordinario poñerá de forma urxente en coñecemento da oficina de reparto, que tomará a correspondente nota, salvo que os asuntos contra o mesmo autor fosen atribuídos previamente a outro xulgado de instrución por aplicación da norma contida no anterior parágrafo. Neste último suposto, a oficina de reparto comunicará inmediatamente a aquel xulgado para que llo remita de forma urxente e practicará as correspondentes anotacións nos seus libros.

2. Cada xulgado, respecto a aqueles asuntos que lle sexan repartidos por aplicación do apartado anterior, incoará os procedementos penais que resulten oportunos por aplicación dos artigos 300, 17 e 18 da Lei de axuízamento criminal.

3. O xulgado de garda practicará os actos que resulten necesarios por aplicación do artigo 40 do regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 5/1995, do 7 de xuño, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, especialmente as que teñen como finalidade a protección da vítima. Tamén tramitará os procedementos do título III do libro IV da Lei de axuízamento criminal, así como os xuízos de faltas dos artigos 962.1, 964.2 e 965.1.2ª da mesma lei.

Cuarto.- Xuízos de faltas en partidos xudiciais con oito ou máis xulgados de instrución.

Nos partidos xudiciais a que se refiren os artigos 48, 53, 55 e 57 do regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 5/1995, do 7 de xuño, as normas de reparto deberán atribuír o coñecemento das faltas dos artigos 617 ou 620 do Código Penal, sempre que o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do mesmo Código, con sometemento aos seguintes criterios:

1. O atestado confeccionado de acordo cos artigos 962 ou 964 da Lei de axuízamento criminal deberá ser entregado no xulgado de instrución constituído en servizo de garda de axuízamento de faltas, a quen as normas de reparto deberán atribuír o seu axuízamento.

Unha vez recibido o atestado, se o xulgado constituído en servizo de garda de axuízamento de faltas considera que os feitos son constitutivos de delito ditará o correspondente auto e remitirá o asunto ao xulgado de garda ordinario.

En cambio, se o xulgado considera que os feitos son constitutivos de falta, promoverá un xuízo de faltas nos termos do artigo 963 da Lei de axuízamento criminal. Cando, unha vez intentada a realización inmediata do xuízo, non sexa posible o xulgamento, as normas de reparto deberán contemplar que o axuízamento corresponda ao mesmo xulgado que recibiu o atestado en funcións de garda de axuízamento de faltas, que deberá realizar o xuízo dentro do prazo ao que se refire o artigo 965.1,2ª da Lei de axuízamento criminal.

2. Cando exista unha denuncia do prexudicado presentada directamente ante o xulgado de garda ordinario ou cando teña coñecemento dos feitos por outra vía, e se o mencionado

xulgado ordena a incoación de xuízo de faltas, remitirá urxentemente o proceso ao xulgado

de instrución constituído en servizo de garda de axuizamento de faltas, que deberá actuar na forma indicada no último parágrafo do apartado anterior.

3. De conformidade co disposto no artigo 86 d) do regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 1/2000, dos órganos de goberno dos tribunais, o xuíz decano resolverá con carácter de urxencia as cuestións sobre a aplicación das normas de reparto entre o xulgado de garda ordinario e o xulgado de garda para o axuizamento das faltas.

Quinto.- Xuízos de faltas nos partidos xudiciais con sete ou menos xulgados de instrución ou con dous ou máis xulgados de primeira instancia e instrución.

Nos partidos xudiciais aos que se refire o artigo 58 do regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 5/1995, do 7 de xuño, as normas de reparto deberán atribuír o coñecemento das faltas dos artigos 617 ou 620 do Código Penal, sempre que o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do mesmo Código, con sometemento aos seguintes criterios:

1. Cando o xulgado de garda incoe un xuízo de faltas ao abeiro do disposto polo artigo 963.1 da Lei de axuizamento criminal ou polo artigo 964 da mesma lei, realizará o correspondente xuízo no servizo de garda, de acordo co previsto no artigo 58 do regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 5/1995, do 7 de xuño, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais.

2. Cando, unha vez intentada a realización do xuízo durante o servizo de garda, non sexa posible a súa realización, as normas de reparto deberán contemplar que o axuizamento corresponda ao mesmo xulgado que recibiu o atestado en funcións de garda, quen deberá levar a cabo o xuízo de conformidade co disposto polo artigo 965.1,2ª da Lei de axuizamento criminal.

Sexto.- Os rexistros informáticos de violencia doméstica.

1.- En cada decanato existirá un rexistro informatizado de violencia doméstica en que se anoten os seguintes datos recollidos de procesos penais por delitos ou faltas cometidos contra as persoas ás que se refire o artigo 153 do Código Penal:

a) Todos os repartos realizados ao amparo das normas especiais de reparto en materia de violencia doméstica que se aproben de conformidade coa presente Instrución. Para tal efecto, a oficina de reparto deberá comunicar ao rexistro de violencia de xénero cada un dos mencionados repartos.

b) Todos os sinalamentos de xuízos rápidos realizados polos xulgados de instrución ao amparo do artigo 800.3 da Lei de axuizamento criminal.

c) Todas as sentenzas ditadas polos xulgados do penal de conformidade co artigo 802 da Lei de axuizamento criminal.

d) Todas as resolucións ditadas polos xulgados de instrución que ordenen medidas cautelares e outras medidas de protección á vítima, así como o seu levantamento ou modificación, e aquelas outras que poidan afectar a súa seguridade, ditadas durante a fase de instrución ou intermedia en procesos por delito.

e) Todas as sentenzas de conformidade coa acusación ditadas polos xulgados de instrución en procesos por delito ao amparo do artigo 801 da Lei de axuizamento criminal.

f) Todas as sentenzas ditadas polos xulgados de instrución en xuízos por faltas tipificadas nos artigos 617 ou 620 do Código Penal.

g) Todas as resolucións ditadas polos xulgados do penal e audiencias provinciais que poidan afectar a seguridade da vítima ditadas en execución dunha sentenza condenatoria por delito cometido contra algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do Código Penal. Esta disposición tamén resultará aplicable cando o xulgado do penal

executa unha sentenza de conformidade ditada ao amparo do artigo 801 da Lei de axuízamento criminal.

h) Todas as sentenzas ditadas polas audiencias provinciais en recursos de apelación do artigo 800 da Lei de axuízamento criminal, así como en recursos de apelación do artigo 976 da mesma lei.

2.- Os xulgados de instrución, os xulgados do penal e as audiencias provinciais remitirán inmediatamente ao rexistro de violencia doméstica as resolucións enumeradas no apartado anterior.

3.- O rexistro de violencia doméstica terá carácter reservado e deberá ser consultado, para os efectos desta Instrución, polos xulgados ou tribunais penais. Así mesmo, poderá ser consultado por calquera órgano xurisdiccional e polo Ministerio Fiscal. A consulta realizarase en todo caso mediante a remisión do oportuno oficio normalizado, que será aprobado polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

O acceso ao rexistro deberá axustarse, en calquera caso, ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no artigo 85 do regulamento 5/1995, do 7 de xuño, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais.

4.- A remisión de información ao rexistro de violencia doméstica respectivo deberá realizarse mediante documentos normalizados, que serán aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

5.- As salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza velarán pola creación dos correspondentes rexistros de violencia doméstica de conformidade co disposto nos tres apartados anteriores e informarán o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes desde a entrada en vigor da Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal.

6.- Co fin de facilitar a homoxeneidade e a comunicación entre os distintos rexistros informatizados, así como, se é o caso, a súa integración nos sistemas informáticos de xestión procesual existentes nos órganos xudiciais, o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, a proposta da Comisión de Informática Xudicial, determinará os criterios de homoxeneización e os requisitos funcionais e de seguridade que os tales rexistros deban reunir.

Sétimo.- Coordinación entre as xurisdicións penal e civil.

As salas de goberno aprobarán os criterios necesarios para coordinar as xurisdicións penal e civil no ámbito da violencia doméstica.

Oitavo.- Protocolos de colaboración.

Os protocolos de colaboración que se establezan ao amparo do artigo 47.4 do regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 5/1995, do 7 de xuño, poderán referirse ao ámbito específico da violencia doméstica e neles poderán participar os organismos públicos encargados dos servizos sociais ou da saúde dos cidadáns.

Noveno.-Revisión da súa aplicación.

A revisión á que se refire a disposición adicional segunda do acordo de data 26 de febreiro de 2003 do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, que modifica o regulamento 5/1995 no relativo aos servizos de garda, tamén se estenderá á aplicación da presente Instrución.

Décimo.- Difusión e publicación.

Comuníquese aos presidentes dos tribunais superiores de xustiza e aos xuíces decanos e publíquese no "Boletín Oficial do Estado". Así mesmo, notifíquese á Axencia de Protección de Datos.

Undécimo.- Entrada en vigor.

Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no “Boletín Oficial do Estado”.